

BLOQUE I

Desmontando bulos



Etapa: de 16 a 20+ anos.




Nivel de dificultade: básico ou medio



2 socios



Temporalización: 8 sesións



Etiquetas: Noticias falsas (*fake news*), seguridade na rede e uso responsable de Internet.

Descrición da actividade: (4 liñas máximo)

Os estudantes investigan sobre as noticias falsas mediante unhas pautas que dan nunhas páxinas de internet onde ensinan como detectar noticias falsas. Aprenden a ser máis críticos coa información que lles chega a través de internet. Despois, cumprimentan un cuestionario de avaliación e comparten as súas conclusións nunha videoconferencia de despedida. O produto final é unha páxina web Google Sites ou similar que os alumnos realizan en equipos con noticias falsas.

Obxectivos: (3 máximo)

1. Analizar a manipulación e os riscos que ten internet proporcionando ó alumnado oportunidades para promover o espírito crítico.
2. Empregar ferramentas tecnolóxicas e dixitais para compartir información.
3. Mellorar as habilidades comunicativas, sociais e interpersoais.

Competencias clave e temas transversais:

- Competencias sociais e cívicas
- Competencia dixital
- Comunicación lingüística
- Aprender a aprender
- Educación do consumidor

- Educación para os medios de comunicación

Contidos curriculares:

- Uso das TIC de modo eficiente e responsable para a busca de información e presentación das súas producións.
- Busca de información na rede.

Aspectos inclusivos: O alumnado traballa en equipos intercentros. Para aqueles estudantes que poidan necesitar máis apoio, propónse unha metodoloxía de axuda entre iguais.

Produtos/ resultados esperados:

Unha web (Google Sites) que será o resultado do traballo do alumnado en equipos intercentros. Cada equipo creará unha noticia falsa escrita, e polo menos dous membros dos outros equipos buscarán en internet a información necesaria para desmentir a noticia, deixando constancia da busca no Sites. No TwinSpace do proxecto daranse as instrucións claras para realizar a tarefa.

Desenvolvemento da actividade



Preparación

Paso 1

Os docentes invitan os alumnos ó TwinSpace.



Tutorial: [Como invitar os alumnos ó TwinSpace.](http://etwinning.es/es/como-invitar-os-alumnos-ó-twinspace/)
< <http://etwinning.es/es/como-invitar-os-alumnos-ó-twinspace/> >

Un dos docentes socios crea catro páxinas no TwinSpace:

A primeira páxina chamarase “Como descubrir noticias falsas”. Nela un docente porá información sobre como detectar noticias falsas: unha presentación de Google Slides de EITB ([Radio Televisión Pública Vasca](#)) e enlaces a exemplos de noticias falsas que publicaron aquí e que moita xente deu por certas.

A segunda páxina chamarase “Crear noticias falsas”. Entre todos, en grupos, os alumnos guiados polos profesores realizarán un noticiario falso con Google Sites. Os docentes daránlles ós alumnos un listado de buscadores alternativos a Google, para que non atopen todos a mesma información.

A terceira páxina, chamada “Cazar noticias falsas” serve para que cada grupo de alumnos investigue para atopar a noticia real que os outros grupos falsearon, e porá o enlace á noticia verdadeira no lugar correspondente do Sites.

A cuarta páxina chamarase “Comentando bulos”. O alumnado participará no foro de cada grupo onde poderán comentar algunhas noticias e o que nos pareceu a actividade, a modo de avaliación.



Titorial: [Como crear unha páxina no TwinSpace](#)

<<http://etwinning.es/en/novo-twinspace-como-crear-unha-paxina-de-actividades>>



TwinSpace 1

Paso 2

O docente inicia a sesión formulando algunhas cuestións para debater en clase: ¿Sabedes que é unha noticia falsa ou *fake news*?, ¿escoitastes ou recibistes algunha por redes sociais?, ¿como averiguastes que era falsa? ¿como te sentes cando te enganan? Despois, cada grupo de alumnos le detidamente unha presentación na que se dan pautas para detectar fácilmente noticias falsas.



2 [Como descubrir noticias falsas](#)

TwinSpace 2



<https://drive.google.com/file/d/1hB5LwZS_QLhKoSrEoxdR6qL4ySDr3XTn/view>



<<https://www.eitb.eus/es/tag/noticias-falsas/>>



<<https://www.osi.es/es/campanas/bulos-fake-news-fraudes>>



<<https://maldita.es/>>



<<https://elpais.com/noticias/noticias-falsas/>>

Paso 3

Os docentes crean un Google Sites colaborativo onde cada un dos grupos de cada centro creados no **Paso 1** exporá unha noticia falsa que creou para esta actividade.



Titorial: [Como crear un sitio web con Google Sites](#)



3 [Crear noticias falsas](#)

TwinSpace 3

Paso 4

Os alumnos en grupos en cada centro contrastarán e investigarán en diferentes fontes as noticias falsas expostas no Sites para atopar a noticia real. Debaixo de cada noticia falsa dous grupos de alumnos exporán a busca que cada un levou a cabo para atopar a noticia verdadeira, poñendo o seu enlace no lugar correspondente do Sites.

NOS FIJAMOS EN EL TITULAR Y LO ESCRIBIMOS EN UN BUSCADOR...

TITULAR

EJEMPLO DE NOTICIA FALSA

EL DUQUE DE EDIMBURGO SUFRE UN ACCIDENTE CON UN PATINETE ELÉCTRICO

El palacio de Buckingham ha informado de que el duque de Edimburgo, esposo de la reina Isabel II, de 97 años de edad, ha sufrido un accidente con un patinete eléctrico este jueves (17/01/2019), aunque no ha resultado herido.

El accidente se ha producido en las cercanías de la residencia rural de la Familia Real en Sandringham, en el este de Inglaterra.

Tras recibir aviso de una "colisión con patinete eléctrico", la policía del condado de Norfolk acudió a las inmediaciones de la finca real, indicó el portavoz de las fuerzas de seguridad.

Según la policía, dos personas que andaban por un camino fueron atendidas por heridas menores. El duque no tuvo que ser trasladado a un hospital, sino que regresó a la residencia de Sandringham, donde fue examinado por un médico como medida de precaución, señaló el palacio de Buckingham.

Imagen 1

ELEGIMOS UNA DE LAS ENTRADAS Y ANALIZAMOS LA NOTICIA

EN BUSCA DE LOS DATOS FALSOS...




Imagen 2

COPIAMOS EL ENLACE DONDE HEMOS ENCONTRADO LA NOTICIA REAL

LO PEGAMOS EN NUESTRA ZONA DE INVESTIGACIÓN...



Imagen 3

Paso 5

Os docentes deixan constancia da participación dos seus alumnos mediante fotografías e capturas de pantalla, sempre respectando a privacidade dos alumnos. Os docentes crean un TwinBoard e expoñen estas fotografías e capturas de pantalla.



[Como crear unTwinBoard](#) (2ª parte vídeo)

Paso 6

Os docentes de cada grupo-aula analizan e comentan no foro ou no TwinBoard do Paso 5 as noticias máis rechamantes e valoran a participación do alumnado na actividade.

Paso 7

Avaliación: Un docente crea unha páxina en TwinSpace chamada “Avaliación”. Este docente prepara un cuestionario para que o alumnado responda a preguntas sobre a súa participación na actividade, se lles serviu, se algunha vez expuxeran este problema, se algunha vez foran enganados, se reciben moitos bulos a través das súas redes sociais, etc. Pode utilizar a ferramenta SurveyMonkey ou similar.



Tutorial ferramenta: [SurveyMonkey](#)

Os estudantes acceden ó TwinSpace e completan o cuestionario. Cada docente analiza e comenta os resultados da súa clase (pode descargar un informe do propio programa SurveyMonkey) e publícaos na mesma páxina.

Paso 8

Como proposta final, os docentes organizan unha videoconferencia para celebrar o Día Internacional polo Acceso Universal á Información, 28 de setembro.

Os docentes elixen a dous ou tres estudantes da súa clase para que, por quendas, lean as respostas ó cuestionario e compartan a súa análise final.



Tutorial: [Como crear un evento en liña no TwinSpace](#)



Ferramentas do TwinSpace / ferramentas 2.0 externas:

TwinSpace: páxinas e TwinBoard.



Outras ferramentas

- [Google Sites](#)
- [SurveyMonkey](#)